OS NOMES DAS VACAS NA COMARCA DA ULLOA

Marta González Louzao
Universidade de Murcia

Introdución

1. Interese do tema

Resultounos especialmente interesante a sección deste Congreso que daba acollida á descrición de sistemas de entidades non humanas e, dentro dos posibles campos que se podían abordar, pensamos nunha recompilación dos nomes das vacas. Os motivos van dende os máis persoais, como pode se-la atracción por todo aquilo relacionado con calquera aspecto da lexicoloxía galega ou a forte ligazón ó mundo rural galego, ata outros máis xenéricos, como o de contribuír á sistematización do noso léxico nun eido que, vistas as tendencias que vén presentando nos últimos tempos o campo galego, moi posiblemente se vexa, amais de deturpado, en perigo de desaparición.

Un rápida ollada ó sector agrario galego, en xeral, e ó da Ulloa, en particular, permítenos ver que nas últimas décadas dúas son as tendencias que segue: dunha banda, o descenso no número de explotacións debido ás desastrosas consecuencias que a liberalización do mercado trouxo para o bovino e o abandono que sufriu o campo por parte da xente máis nova; pola outra, unha progresiva modernización de técnicas e métodos, encamiñados a acadar melloras económicas.

Calquera das dúas presentan unha certa repercusión negativa no campo da onomástica bovina. O descenso do número de reses supón unha inevitable perda de moitos dos nomes cos que eran denominadas as mesmas, sobre todo aqueles máis antigos que se rexistraban nas explotacións pequenas e que son as que maioritariamente están a desaparecer. No relativo á modernización de técnicas, valoramos negativamente aquelas que atinxen á propia identificación da vaca. Aínda que xa se viña facendo de maneira sistemática dende a década dos oitenta, momento no que se xeneralizaron por toda Galicia as campañas de saneamento, a partir do ano 1998, por mor do Decreto 85/1998, regúlase a identificación e rexistro dos animais da

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 578

especie bovina, co cal toda res debe ir acompañada, ademais do Documento de Identificación de Bovinos (DIB) onde constan tódolos seus datos e os da explotación á que pertence, de cadanseu termoplástico de cor laranxa nas orellas onde aparece o seu número identificativo; os díxitos desta placa identificativa empezan a substituí-lo nome propio co que se identificaba a vaca.

2. Delimitación do traballo

O ámbito deste traballo circunscribímolo á comarca da Ulloa que está situada no centro de Galicia e delimitada polas provincias de Pontevedra, Lugo e A Coruña.

A principal singularidade que fai deste espazo un conxunto integrado -ademais da súa tradición histórica- é a súa identificación coa alta conca do río Ulla. Posúe unha superficie de 416 quilómetros cadrados repartidos entre os concellos lucenses de Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla.

Demograficamente, como comarca da Galicia interior, vén definida polo despoboamento e a tendencia cara o avellentamento da poboación. Na actualidade conta cuns 12.000 habitantes.

A súa base económica é eminentemente agraria: case os dous terzos da súa poboación traballan no sector primario, aínda que este tamén vén experimentando un retroceso que favorece ó sector terciario, propio das cabeceiras municipais. Polo que ó sector gandeiro se refire, a comarca presenta unha orientación principal cara a gandería de leite, en primeiro lugar, e de carne en segundo, tal como se ilustra no seguinte cadro:

	Nº de explotacións	Nº de vacas	Nº de vacas de leite	Nº de vacas de carne	Nº de vacas por explotación
Palas de Rei	586	6.888	4.066	2.822	20'11
Monterroso	354	4.198	2.467	1.731	11'85
Antas de Ulla	355	2.734	824	1.910	7'70
Total Ulloa	1.295	13.820	7.357	6.463	10'67

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria. Ano 1999

3. Metodoloxía e fontes

Amais do coñecemento propio dos nomes das vacas da nosa zona, unha fonte importante de datos proporcionóunola ACRUGA[1], permitíndonos acceder ós Libros Xenealóxicos das reses bovinas de raza rubia galega que conservan dende o ano 1960. Ata o momento da creación desta Asociación era o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación quen viña rexistrando estas vacas; no ano 1970, logo de nomeala Entidade Colaboradora, cedeulle os citados Libros nos que figuran,

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 579

ademais do nome do bovino que se rexistra, o nome dos pais e dos avós, incluíndo nalgún caso o dos bisavós.

Todo isto foi completado buscando información de diferentes gandeiros distribuídos xeograficamente por toda a comarca da Ulloa e con explotacións de distinto tamaño para poder comprobar onde se seguía mantendo o costume de individualizalas vacas cun nome propio, ou onde prevalecera o número identificativo sobre o nome.

Para a presentación do corpus, agrupámo-los nomes das vacas desta comarca baseándonos nas similitudes léxicas e/ou lingüísticas dos diferentes tipos de vocábulos que se empregan para tal denominación. Quixemos complementalo cunha contextualización do propio nome e, sempre que nos foi posible, cunha achega á súa motivación, pero tratándose dun estudo basicamente sincrónico, esta última resulta á veces difícil e pouco exhaustiva.

Clasificación dos nomes das vacas da Ulloa segundo a denominación

1. Características intrínsecas da vaca

Calidades e defectos da propia configuración da vaca, do seu tamaño e sobre todo da súa cor de pelo van ser empregados como nomes para individualiza-las mesmas nesta comarca.

1. 1. A cor do pelo e/ou a raza da vaca.

Os adxectivos que expresan distintas tonalidades da cor do pelo da vaca foron e seguen sendo moi socorridos á hora de bautizar unha vaca. Como é lóxico, os máis antigos son todos aqueles que se refiren ós distintos tons de cor que tiñan as vacas do país, a raza rubia galega[2]. Esta raza autóctona deu orixe a un dos nomes máis comúns e antigos atribuídos ás vacas na comarca da Ulloa: Rubia. Este nome, visto dende unha perspectiva diacrónica, está a sufrir, ademais dun importante descenso no seu uso, unha desmotivación considerable. O motivo da dúas perdas constitúeo a entrada doutras razas alóctonas, xa que en moitas explotacións gandeiras viñeron a substituí-las primeiras de xeito total, e nas que a substitución foi parcial é onde cremos que a motivación mudou considerablemente, xa que cando todas eran de raza rubia o homónimo escollíase para aquela de cor máis escuro, digamos que case vermello; nestas, nas que a vaca rubia convive cos exemplares foráneos, a motivación do nome asignado vén dado pola raza.

Outros nomes ós que deu orixe a distinta cor de pelo desta raza de bovinos foron o de ***Marela***, que se adoitaba poñer a aquela que tiña unha pelaxe de cor máis clara, da cor da canela; o de ***Trigueña***, nome co que se denominaban as vacas que a súa cor se asemella á do trigo, e que, polo tanto, sería unha tonalidade intermedia entre a cor rubia e a cor marela; máis que pola propia cor do pelo, polo aspecto que este presenta emprégase o nome de ***Riza*** naquelas vacas que teñen o pelo moi crecho, característica exclusiva do bovino autóctono.

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 580

Co motivo dunha mellora na produtividade, sobre todo baseada no sector lácteo, foron importadas para a Ulloa reses foráneas, e como é evidente estas novas razas con outras cores de pelo e outras características constitutivas van enriquece-lo noso acervo onomástico bovino. Así pois, o nome de ***Pinta***, referido ás manchas brancas e negras que caracterizan a pel destas reses, e á súa vez a denominación popular que se lle deu á vaca de raza frisona holandesa, vaise instaurar de xeito xeral a partir dos anos setenta en practicamente tódalas unidades de explotación gandeira da Comarca da Ulloa.

Coa chegada destas vacas suízas créanse tamén outros nomes cos que individualizalas, como o de ***Blanca*** coa variante ***Branca***[3] e o seus respectivos diminutivos ***Blanquita*** e ***Branquita***[4]. Menos usual, aínda que atopamos algúns casos, é poñerlle á vaca o nome xenérico co que se designa a raza: Frisona.

Como apunta Lois González (1988: 97): «unha práctica desgraciadamente moi en boga dentro da explotación bovina comarcal é a mestizaxe, a consecución de exemplares resultantes do cruce dun macho e dunha femia de distinta raza». Un destes cruces, o que resulta da unión da frisona coa rubia galega, orixina un tipo de res que popularmente se coñece como bovinos «mixtos» e son identificables pola súa cor negra; cor que orixinará nomes como ***Negra***, ***Morena*** e ***Mora***, tamén cos seus respectivos diminutivos: ***Negrita***, ***Morenita*** e ***Morita***.

Outra raza alóctona bastante estendida pola bisbarra da Ulloa é a pardoalpina. Este tipo de vacas propiciaron, tamén pola súa cor de pelo, nomes antolóxicos para as bovinas como o de ***Parda***, o de ***Castaña***, ou o de ***Teixa***. O mesmo que pasaba con *Frisona* ocorre agora con ***Ratina***, denominación que recibe a mestizaxe da vaca pardoalpina con touros rubios, e con ***Pasiega***, que se aplica ás vacas con manchas marróns e brancas e que foron importadas de Cantabria, concretamente da comarca de Vega de Pas.

Se comezamos falando dun nome que se puido ver ameazado polos cambios agrarios que experimentou a comarca, queremos rematar este apartado con outro co que se pode exemplifica-la sobrevivencia e máis concretamente a adaptabilidade dos nomes de vacas ós novos tempos; ás vacas de raza rubia poñíanlles ***Roxa***, porque o seu pelo era dun louro moi tenue, digamos que entre a cor da tella e marela, ou a aquela que tiña algunha mancha branca, sobre todo na cabeza; pois ben, hoxe en día este nome está xeneralizado nas vacas de raza frisona.

1.2. Tamaño, forma e idade da vaca

Adxectivos que delimitan a estatura ou que fan referencia á constitución física do animal tamén soen ser moi empregados nesta comarca como individualizadores das vacas: Pequena é o máis xenéricos, pero atopamos outros que levan implícito diferentes tipos de detalles referidos ó tamaño, por exemplo ***Chaparra***, ***Pelota*** e ***Redonda*** que se lle soe poñer ás vacas baixas e gordotas. Os nomes de ***Pitufa*** e **Pitusa**[5] escóllensen para as vacas que ademais de seren pequenas son moi delgadas, e que normalmente teñen un carácter moi airoso. Aínda que non sexa pequena se é especialmente de

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 581

constitución feble é moi probable que o seu dono lle poña ***Estreita***. Todo o contrario á aquela que se chaman ***Culera*** e ***Culona***[6], pois soen ser vacas de nádegas moi avultadas e constitución forte.

Moitas vacas son bautizadas con nomes que fan referencia á carencia dalgunha das súas extremidades, concretamente ós cornos, así pois, atopamos vacas que se chaman ***Cotena***, ***Mona*** ou ***Cachena***[7].

Se o que destaca é, precisamente, o tamaño dos cornos da vaca, entón elíxense nomes como: ***Careta*** que se lle soe poñer a aquela que ten a cara de distinto cor có resto do corpo; ***Galleira***, así chamada por ser unha vaca destacadamente alta e delgada, con cornos longos e separados; ***Piñeira*** para aquela que ten os cornos cara arriba.

Pensamos que o tamaño ou unha feitura peculiar dos cornos da vaca poden selo motivo do nome ***Cornetas***, aínda que ben podería ter como referente o instrumento musical e poñerlle este nome a unha vaca que berra moito.

Por último, nomes como ***Xata***, ***Xovenca*** (coa variante ***Xuvenca***), ***Perica*** e ***Cachorra*** moi comúns e dos máis antigos, veñen motivados pola idade da vaca; con estes nomes sóense denominar tódalas vacas novas que aínda non pariron, pero pasada esta etapa e xa adultas, en moitas delas o nome xenérico convértese en individualizador.

2. Características circunstanciais

Neste apartado presentamos algúns nomes de vacas que recollemos na comarca motivados e creados a partir dunha circunstancia concreta que viviu o animal; como tales, son nomes ocasionais, pouco frecuentes e de difícil perdurabilidade.

2.1. De orixe ou procedencia

Cando ten lugar un parto dobre é frecuente que a unha delas se lle poña un nome propio e á outra lle quede o nome de ***Gemela*** ou ***Melliza***[8].

Unha vaca pode chamarse ***Feiranta*** cando esta foi mercada na feira; isto era máis habitual antigamente, cando o comercio de gando era escaso e a maioría das reses criábanse na casa, pero se había que mercar algunha acudíase ás feiras ou mercados gandeiros que había nas cabezas municipais. Moi semellante resulta a motivación do nome ***Nova***, escollido para bautizar a aquela vaca que vén substituír unha das que había na cabana. Se a vaca que se merca procede dun rabaño que vive de xeito salvaxe no monte, entón pode que sexa bautizada co nome de ***Rabañesa***.

2.2. De actividade

Unha excepción á difícil perdurabilidade que antes mencionabamos, constitúeo o nome de ***Pastora***, xa que é un dos nomes de vacas máis tradicional e usado en toda a Ulloa. Este nome vén motivado pola actitude guiadora do rabaño que, sobre todo nas estruturas gandeiras de antano, presentaba sempre algunha vaca. Hoxe en

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 582

día esta motivación está totalmente perdida, aínda que o nome segue a ser moi empregado.

Outros máis esporádicos son o de ***Lechera***[9] e o de ***Pacedora***, cos que se realza a calidade de dar moito leite e de ser boa pacedora respectivamente.

Un nome curioso constitúeo o de ***Ladroa***. Na estrutura agraria de antano, sen parcelaria nin grandes extensións de pasto, as vacas tíñanse que gardar, ben pola corda, ben cunha ou varias persoas ó seu cargo, doutras parcelas que estaban con algún tipo de colleita. Aquela menos paradora e que sempre remataba por irse meter ás hortas ou outros cultivos quedáballe o nome de *ladroa*. Non soe se-lo nome primitivo, poderiamos dicir que se trata dun alcume que co tempo prevalece sobre o nome orixinario.

3. Calidades humanas

3.1. De carácter positivo

Os adxectivos cualificativos que fan referencia a calidades positivas, en principio do ser humano, constituíron dende sempre unha boa canteira de nomes para bautiza-las vacas na comarca da Ulloa. ***Gallarda***, ***Garbosa***, ***Garrida*** e ***Linda***, todos eles denominadores de elegancia e fermosura, foron e seguen sendo os catro máis empregados para tales mesteres.

Agrupamos estes nomes independentes daqueles que fan referencia ás características propias da vaca porque pensamos que aínda que algún deles poida ser relacionado co aspecto do animal, pois efectivamente antano as vacas ás que se lles adoitaba poñer estes nomes eran fortes e rexas, con bo porte, tamén é verdade que a maioría das vacas rubias galegas que de sempre houbo na comarca adecuábanse normalmente a estes parámetros. Á hora de contextualizar estes nomes pensamos que é inevitable falar do papel social e económico que diacronicamente veu desempeñando a vaca en Galicia: antano nunha casa rural de Galicia unha familia que vivía de tres ou catro vacas para cubri-las súas necesidades dun xeito «cuasi autárquico», estas formaban parte do núcleo familiar, na maioría dos casos máis afectiva que economicamente; pensamos, pois, que isto pode achegarse máis ó verdadeiro motivo de que a estas vaquiñas lles chamasen ***Garbosa***, ***Gallarda*** ou ***Linda***, nun afán de expresar, mediante o nome, o papel afectivo que estas desempeñaban na unidade familiar.

Se poñemos en dúbida unha posible motivación consciente por parte do gandeiro de antano, certificámo-la inexistencia total da mesma hoxe en día. Estes nomes fóronse herdando e atopámolos denominando vacas de raza frisona e outras similares que de elegancia e de bo porte teñen ben pouco, ou polo menos nada que ver coas que legaron o nome. Así mesmo, tampouco constatamos, agás nalgúns casos illados, que no día de hoxe o gandeiro empregue estes nomes coa devandita carga afectiva.

Outros adxectivos denotadores de calidades positivas, como pode se-la beleza, que se lle asignan como nomes ás vacas son: ***Bonita*** e ***Bonitiña***, ***Guapa***, ***Preciosa*** e

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 583

Chula, este último na súa acepción de cousa ou persoa bonita e que resulta agradable á vista.

Tamén achamos vacas nomeadas con adxectivos que se refiren á agradabilidade de aspecto como ***Pavera***[10], ***Melosa***, ***Cariñosa***, ***Vistosa*** e ***Xeitosa***; adxectivos que fan referencia á pulcritude do mesmo como ***Pulida***; outros que resaltan a tranquilidade como ***Pancha*** e ***Pachola*** ou adxectivos que destacan a robustez como ***Rufa***.

Tamén se opta por substantivos, todos eles en sentido figurado, que destacan algunha calidade positiva de carácter, así existen vacas chamadas ***Muñeca***[11], ***Perla, Marabilla*** ou ***Campeona***[12].

3.2. De carácter negativo

Se para os nomes de vacas que tiñan como referente adxectivos indicadores de calidades positivas receabamos dunha motivación consciente reiterámonos ó presenta-los de carácter negativo, pois efectivamente pode haber unha vaca que sexa ***Tonta***[13] e incluso ***Paiola***, aquela vaca torpe de movementos e pouco aleuta, o que xa parece menos verosímil é que poida haber unha vaca ***Celosa*** ou unha vaca ***Caprichosa***.

É máis probable, non obstante, que exista un índice de maior motivación nos nomes como ***Ferreña***, que pode irlle ben a aquela vaca de carácter indomable e dura coma o ferro, ou ***Xota***, aquela vaca moi asustadiza e arisca, que non é mansa.

4. Antropónimos

Falar da motivación e contextualiza-los nomes propios de persoa que se escollen para denomina-las vacas resultaría unha difícil tarefa, amais de excede-los límites e obxectivos deste traballo; simplemente poñeremos de relevo un factor que cremos determinante á hora de elixir este tipo de nomes para as vacas: a idade do gandeiro e o tipo de explotación que este rexente. Nas ganderías basicamente unifamiliares e normalmente compartidas entre pais e fillos, apenas achamos ningunha res que tivera por nome un antropónimo e os poucos que existen son aqueles máis comúns como ***Juanita*** ou ***María***, pero en explotacións de nova creación, que polo mesmo están a cargo de gandeiros xoves, atopamos vacas chamadas ***Iris***, ***Dori***, ***Lupita***, ***Xiana***, ***Diana***, ***Clara***, ***Pepi***, ***Dalia***, ***Rosa***, ***Ivana***, ***Maira***, ***Silvia***, ***Carlota***, ***Rebeca***, ***Clara***, ***Marcela***, ***Lucía*** ou ***Fina***.

É, dende logo, o campo que máis se apropia para a creatividade e a innovación, e no que nos atopamos con anécdotas de todo tipo: o caso dun gandeiro duns trinta anos confesábanos que unha das súas vacas se chamaba ***Pamela*** e a motivación non era outra que o nome da mesmísima actriz dos «Vigilantes de la Playa»; o mesmo mozo puxéralle a outra res ***Melani***, en honor á muller de Antonio Banderas. Outro gandeiro púxolle a dúas vacas mercadas recentemente ***Liboria*** e ***Miranda***, a primeira polo presentador galego Liborio García e a segunda en lembranza da muller de Julio Iglesias. Tamén recorren ó mundo musical e non faltan vacas que se chamen ***Juliana***, ***Mariana*** ou ***Macarena***.

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 584

5. Topónimos e xentilicios

Como xa quedou dito, o desenvolvemento do comercio lácteo orixinou a necesidade de adquirir gando bovino doutras razas, e isto levouse a cabo de distintas formas, segundo as necesidades e as propias posibilidades dos gandeiros. Explotacións das máis avanzadas e tecnificadas desprazáronse ó estranxeiro para proverse destas reses; de aí poderían proceder nomes de vacas como ***Alemana***, ***Checa*** ou ***Turca***. Aqueles gandeiros menos favorecidos economicamente fixeron o mesmo pero a través de tratantes que ían ás feiras do territorio español. Isto puido orixinar nomes de vacas como ***Valencia***, ***Granada***, ***Sevilla***, ***Navarra***, e tamén as denominadas mediante xentilicios como ***Valenciana***, ***Granadina***, ***Sevillana***, ***Andaluza***, ***Canaria***, ***Catalana***, ***Asturiana*** ou ***Cordobesa***.

Cando o gandeiro merca el a vaca directamente é moi posible que a bautice co propio xentilicio do lugar de compra; así temos ***Luguesa***, ***Compostelana***, ***Ferreira*** ou ***Cubela***[14].

6. FAUNA

6.1. Nomes de aves

Pomba e a súa homónima castelá ***Paloma*** son as máis usados de entre os nomes das aves para bautiza-las vacas na Ulloa. O primeiro é moito máis antigo có castelanismo e acostumábase poñer, de entre as vacas de raza rubia galega, a aquela que tiña a cor de pelo máis clara con tinguiduras cincentas.

Outros nomes de aves seleccionados para tal fin son: ***Pega***, ***Cuca***, ***Rula***, ***Andoriña*** (coa variante ***Anduriña***), ***Bubela*** e ***Parrula***.

Agás os nomes de *Cuca* e *Parrula* que, pola información que puidemos obter, son nomes que se lles veñen poñendo ás vacas dende moi antigo, os demais foron escollidos á par da entrada das vacas «pintas», sobre todo o de *Pega* e *Andoriña*, polas cores similares entre estas aves e as devanditas vacas.

A escolla de *Bubela* para denominar a unha vaca vén determinado en moitos casos polo aspecto lixeiro e donairoso da vaca; todo o contrario da vaca chamada ***Parrula***, que soe ser achaparrada e de andares máis ben lentos.

6.2. Nomes de insectos

Só atopamos dous nomes de insectos que se usan na denominación de reses vacúas: o máis xeneralizado e o que conta con certa antigüidade é ***Mariposa***[15], máis recente e tamén menos frecuente é o de ***Mosquita***.

6.3. Nomes de mamíferos

O único nome de vaca que ten como referente un animal doméstico é ***Cordera***[16], non soe ser moi usual pero atopamos algúns casos illados e os donos

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 585

comentábannos que llo puxeran -non polo conto de Leopoldo Alas «Clarín»- senón polo mansa que era a vaca.

Apuntamos ***Cordera*** como o único nome de animal doméstico, porque Toura, nome por antonomasia das vacas nesta bisbarra, non o consideramos como tal, xa que o macho da vaca que antano se criaba nas casas para exerce-la función de semental é denominado comunmente boi en toda esta zona xeográfica. Tanto dende unha perspectiva diacrónica como sincrónica pódese dicir que ***Toura*** é o nome por excelencia, o máis antigo e o máis empregado. Aínda que o nome de toura se aplica á vaca nova que aínda non empreñou, adoitase poñer este nome ás vacas fortes e grandes, como o seu referente macho. Actualmente, a igual que pasa coa maioría dos nomes antigos das vacas, a motivación dista moito da descrita, e puidemos atopar vacas máis ben pequeneiras con este nome; o que si constatamos é que resulta moi raro atopa-lo individualizando unha vaca «pinta», segue sendo practicamente exclusivo das vacas de raza rubia galega e dos cruces destas coas alóctonas.

Cando a cor do pelo da vaca é castaña con tons brancos ou grises acódese ós nomes dos mamíferos carniceiros ***Garduña*** e ***Gineta***[17].

Entre a cor e o aspecto lixeiro e desenfadado da vaca pode estar o motivo que leva ó gandeiro a poñerlle ***Ardilla***[18] a unha vaca.

Atopamos algúns casos de vacas chamadas ***Corza***. É moi posible que este nome fose introducido na Comarca da Ulloa a través dalgunha vaca procedente da zona norte de Lugo, onde son máis comúns estes cérvidos. Tamén cabe a posibilidade que este nome fose motivado polo aspecto físico da vaca, xa que corzo do latín vulgar ***Curtiu***, significa rabelo e que ten os cornos moi pequenos.

7. FLORA

7.1. Árbores froiteiras e as súas froitas

Os nomes das árbores seleccionados para denomina-las vacas nesta zona son: ***Figueira***, ***Nogueira***, ***Cereixeira*** e **Palmera**. Máis usual que ***Cereixeira*** é o nome do seu froito ***Cereixa*** (coa variante **Cireixa***)*. Como froito temos tamén o nome de ***Castaña***, comentado anteriormente no grupo relativo á cor da pel da vaca.

7.2. Flores

Os nomes de flores máis usuais nesta zona que se trasladan a nomes propios devacas son: ***Margarita***[19], ***Amapola***[20], ***Camelia*** e ***Mimosa***.

7.3. Outras plantas

Presentamos baixo este subgrupo o nome de ***Romera***, aínda que, a pesar da frecuencia con que é empregado para designar vacas na comarca da Ulloa, resultounos imposible saber con certeza cal é o seu referente. Houbo algúns gandeiros dos enqui-

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 586

sados que o relacionaron co romeu. E é verdade que nalgunhas zonas desta comarca a esta planta aromática chámaselle ***romero***.

É tamén posible que o seu referente sexa a muller que vai en romaría, castelanismo facilmente introducido na comarca, incluso como nome propio de vacas, coas reses que foron importadas de distintos lugares de España.

8. Títulos reais e nobiliarios

Aínda que non contan con moita tradición, está a ser bastante frecuente asignarlle ás vacas nomes que designan títulos reais e de nobreza. Así atopamos vacas que se chaman ***Reina***[21], ***Princesa*** ou ***Infanta*** e ***Marquesa***, ***Duquesa*** ou ***Condesa***.

Por último, incluímos neste apartado outro nome tamén bastante común, o de ***Señorita***, que aínda non pertencendo nin á realeza nin nobreza entendemos que o seu referente máis próximo é o de moza acomodada que vive sen traballar ou filla do señor.

9. Astros

Estrella[22], ***Lucera***[23], ***Luna***[24] e ***Galaxia*** son nomes cos que se soe denominar ás vacas. O único que presenta unha motivación máis ou menos clara é o primeiro deles: **Estrella** escóllese para aquela vaca que leva unha mancha branca similar ó astro normalmente na cara.

Conclusións

Na *Voz de Galicia* do mércores 3 de xullo de 2002, podíase ler un artigo titulado «Erundina ya no bautiza sus vacas». O xornalista relataba como un matrimonio de Coristanco, un máis de tantos gandeiros galegos que tiveron que se desfacer de tódalas súas reses a causa da encefalopatía esponxiforme, intentaba empezar de novo, coa compra doutras vacas. Estas –dicía o xornalista- eran chamadas polos números: «Pero la herida no es sólo económica. Ahora, la vaca que come poco es la 38 y la que aún recela de su dueña, la 66».

Como xa expresabamos ó principio, cando comezamos a buscar informantes que nos facilitasen nomes de vacas, fixémolo en explotacións gandeiras de distinto tamaño para ver en cales se seguía mantendo o nome e en cales, tal como dicía o xornalista, eran recoñecidas por un número. A sorpresa foi agradable, xa que, a non ser que sexan unidades de explotación con moitas cabezas de gando, as vacas seguen a ser individualizadas co seu nome: conservando os máis antigos ou escollendo outros máis innovadores, pero cun nome. Na comarca da Ulloa constitúen unha porcentaxe certamente pequena aqueles propietarios que recoñecen as súas vacas por número, os que o fan adoitan ser gandeiros que ó longo dun período de tempo pequeno poden adquirir varias cabezas bovinas e que non tardan en volver a desfacerse delas, ou ben grandes explotacións que polo número elevado de reses resultaría prodixioso

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 587

te-las todas individualizadas cun nome propio. Poidemos comprobar como granxas con 40-45 vacas as tiñan todas identificadas por un nome.

Por outra banda, constatamos que, de momento, a escolla de nomes tradicionais para bautiza-las vacas segue sendo maioritaria, fronte a aqueles máis innovadores. Os sectores que permiten un alto grao de innovación, como xa expresamos, están dentro de parámetros moi concretos, e, en xeral, non son cos que conta a estrutura do sistema gandeiro desta comarca, pois a maioría son explotacións residuais, nas que conviven xente xubilada cos seus fillos que intentan modernizala pero de xeito paulatino. O que si cremos que se está a desvirtuar notablemente é a motivación de moitos destes nomes propios vacúns: escoita-la información que che ofrece un gandeiro de 70-80 anos sobre algún nome non ten nada que ver coa dun informante de 30-40 anos, sobre todo naqueles que se entendían exclusivos para a raza rubia galega.

BIBLIOGRAFÍA

Lois González, R. C. (1988): *A Gandería na Ulloa. Repercusións nas paisaxes agrarias*. Santiago de Compostela: Consellería de Agricultura.

NOTAS

1. Asociación de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega.
2. Na comarca da Ulloa, ata ben entrada a década dos sesenta, só existía a raza rubia galega. A partir deste momento comezan a chegar razas alóctonas, basicamente a frisona holandesa e a pardoalpina. Na actualidade, conviven estas tres razas mailos cruces que delas se derivaron, pero con clara predominancia do bovino autóctono.
3. Nesta zona está moito máis xeneralizado o uso do grupo tautosilábico castelán *bl-* có galego *br-*.
4. O diminutivo soe escollerse cando na mesma cabana xa existen vacas denominadas co adxectivo sen o morfema facultativo. Destacámo-lo uso do sufixo diminutivo castelá *-ita* no canto de *-iña* recalcando a carga afectiva, o mesmo que acontece cos nomes propios de persoa.

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:17 Página 588

5. Incluímos neste grupo o nome de *Pitusa* como adxectivo que denota tamaño, non no das flores, como variante léxica de *Petunia*, pois o seu significado máis xeneralizado nesta zona é o de cousa pequena e moi lixeira, que gusta de entremeterse en todo.
6. Castelanismos empregados no canto de «cuona».
7. Aínda que existe unha raza de vacas galegas (concretamente orixinarias da comarca de Baixa Limia) que, contrariamente, se caracterizan por teren os cornos moi grandes, non nos consta que esta raza fose introducida na nosa comarca, e dos informantes enquisados concluímos que este nome está motivado pola carencia de cornos.
8. Castelanismos usados no canto de «xemelga».
9. Castelanismo empregado no canto de «leiteira».
10. Palabra castelá que se emprega para cualificar a alguén de simpático ou gracioso.
11. Castelanismo empregado no canto de «boneca».
12. Castelanismo no canto de «campioa».
13. Castelanismo no canto de «parva».
14. Ferreira e Cubelo son dúas parroquias do concello de Palas de Rei.
15. Castelanismo que substitúe a «bolboreta».
16. Castelanismo que substitúe a «cordeira» ou «aña».
17. Castelanismo que substitúe a «xeneta».
18. Castelanismo que substitúe a «esquío».
19. Castelanismo usado en vez de «margarida».
20. Castelanismo usado en vez de «papoula».
21. Castelanismo usado en vez de «raíña».
22. Castelanismo usado en vez de «estrela».
23. Castelanismo usado en vez de «luceiro».
24. Castelanismo usado en vez de «lúa».